ILTMO. CONCEL
DE
CAMBADOS
(PONTEVEDRA)

*DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento e planos relativo á Modificación Puntual nº 7 das NN.SS.MM. de Cambados, de condicións especificas de edificabilidade relativa ós equipamentos de cemiterios, foi aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, en sesión do 27.4.2001. Certifico. Cambados, 3 de setembro de 2001.*

*O Secretario Accidental.*

# MODIFICACION PUNTUAL Nº 7 DAS NN.SS., PARA O SINALAMENTO DE CONDICIONS PARTICULARES DO EQUIPAMENTO DE CEMITERIOS.

## INDICE.


1. MEMORIA XUSTIFICATIVA.

1.1. REGULACION ACTUAL DOS CEMITERIOS NAS NORMAS SUBSIDIARIAS.

1.2. SINGULARIEDADES CONSTRUCTIVAS E NECESIDADES FUNCIONAIS DOS CEMITERIOS DE GALICIA

1.3. 2. PROPOSTA DE ORDENACIÓN.


*DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento e planos forma parte da Modificación Puntual nº 7 das NN.SS.MM. de Cambados, foi **aprobado definitivamente** polo Pleno da Corporación, en sesión do 26.10.2001. Cambados, 30 de outubro de 2000. Certifico.*

*O Secretario Accidental.*

ILTMO. CONCELL
DE
CAMBADOS
(PONTEVEDRA)

*DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento e planos relativo á Modificación Puntual nº 7 das NN.SS.MM. de Cambados, de condicións específicas de edificabilidade relativa ós equipamentos de cemiterios, foi aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, en sesión do 27.4.2001. Certifico. Cambados, 3 de setembro de 2001. O Secretario Accidental.*

# MODIFICACION PUNTUAL Nº 7 DAS NN.SS., PARA O SINALAMENTO DE CONDICIONS PARTICULARES DO EQUIPAMENTO DE CEMITERIOS.

## 1. MEMORIA XUSTIFICATIVA.

### 1.1. REGULACION ACTUAL DOS CEMITERIOS NAS NORMAS SUBSIDIARIAS.

O Equipamento de Cemiterios atópase grafiado, na actualidade, nos Planos de Ordenación das NN.SS., como ***"EQUIPAMENTOS COMUNITARIOS"***, e grafiados coa letra ***"C"***.

Nembargantes, a regulación das vixentes NN.SS. non contempla unhas condicións de edificación de xeito específico para este singular tipo de equipamento; senón que a súa ordenación abórdase en termos residuais e xenéricos, incluíndoos no apartado 2.2.2.9., dentro das Condicións Xerais de Uso, coma regulación dos restantes usos, da seguinte maneira:

> ***"2.2.2.9. Regulación dos restantes usos.***
>
> *As instalacións adicadas a usos residencia móvil, sanitario, asistencial, educativo, socio-cultural, relixioso, deportivo e recreativo, ateranse en todo ó disposto polos organismos competentes en cada caso. As instalacións adicadas a servicios públicos específicos definidos na tipificación de usos das presente Normas,*

***DILIXENCIA:** Para facer constar que o presente documento e planos forma parte da Modificación Puntual nº 7 das NN.SS.MM. de Cambados, foi **aprobado definitivamente** polo Pleno da Corporación, en sesión do 26.10.2001. Cambados, 30 de outubro de 2000. Certifico. O Secretario Accidental.*

*DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento e planos relativo á Modificación Puntual nº 7 das NN.SS.MM. de Cambados, de condicións específicas de edificabilidade relativa ós equipamentos de cemiterios, foi aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación en sesión do 27.4.2001. Certifico. Cambados, 3 de setembro de 2001. O Secretario Accidental.*

## 1.2. SINGULARIEDADES CONSTRUCTIVAS E NECESIDADES FUNCIONAIS DOS CEMITERIOS DE GALICIA.

Como é sabido, a tipoloxía dos cemiterios en Galicia baséase na utilización dos importantes peches de fábrica que os perimetran, e que respostan a unha necesidade funcional característica como é a da súa utilización como fondos dos nichos colindantes, empregando da tal xeito unha importante partida da súa construcción para un doble fin, e polo tanto, coma un determinante aforro económico e de espacio na súa construcción.

Neste senso, xa se veu poñendo de manifesto a inadecuación á tipoloxía característica dos cemiterios galegos daqueles parámetros ou regulacións que impiden dispoñer os seus elementos constructivos adosados ó perímetro dos muros de peche. Como tamén a existencia doutras necesidades funcionais cuia regulación normalmente non se contempla na normativa de aplicación, a pesares da súa indiscutible importancia: tal coma a necesidade de dispoñer de zonas libres e de espacios axeitados para a circulación de vehículos e peoniles, regulación de alturas máximas, etc.

Consecuentemente, cómpre solventar tal estado de cousas e establecer un réxime de condicións particulares para esta tipoloxía específica, máis acorde coas súas necesidades e características funcionais, e máis próxima ás condicións de aproximación ou edificabilidade que se sinalan con carácter complementario nas vixentes Normas Subsidiarias do Planeamento da Provincia de Pontevedra, nas que se especifican éstas do seguinte xeito:

| | |
|---|---|
| *Ocupación :* | *40 %,* |
| *Edificabilidad :* | *0,4 m2/m2.* |

*DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento e planos forma parte da Modificación Puntual nº 7 das NN.SS.MM. de Cambados, foi **aprobado definitivamente** polo Pleno da Corporación, en sesión do 26.10.2001. Cambados, 30 de outubro de 2000. Certifico.*

*O Secretario Accidental.*

*DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento e planos relativo á Modificación Puntual nº 7 das NN.SS.MM. de Cambados, de condicións específicas de edificabilidade relativa ós equipamentos de cemiterios, foi aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, en sesión do 27.4.2001. Certifico. Cambados, 3 de setembro de 2001. O Secretario Accidental.*

## 2. PROPOSTA DE ORDENACIÓN.

Dacordo cos criterios e finalidades sinalados na Memoria Xustificativa antecedente, engádese no apartado 2.2.2. "Condicións Xerais de Uso", apartado 2.2.2.9. "Regulación dos restantes usos" o epígrafe seguinte:

Condicións Particulares do Equipamento de Cemiterio:

As condicións urbanísticas de aplicación ós cemiterios, con independencia da clase específica do solo en que cada caso se atopen, suxeitarase ás condicións particulares seguintes:

| | |
|---|---|
| **Tipoloxía:** | Adose de nichos ós muros de peche. |
| **Ocupación:** | 40 %, resto zonas libres. |
| **Edificabilidade:** | 0,4 m2/m2. |
| **Rúas**: | 7,00 metros mínimo. |
| **Altura máxima:** | 4 nichos de altura máximo, coas alturas mínimas previstas na lexislación aplicable. |

*DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento e planos forma parte da Modificación Puntual nº 7 das NN.SS.MM. de Cambados, foi **aprobado definitivamente** polo Pleno da Corporación, en sesión do 26.10.2001. Cambados, 30 de outubro de 2000. Certifico.*
*O Secretario Accidental.*

ILTMO. CONCELLO
DE
CAMBADOS
(PONTEVEDRA)

*DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento e planos relativo á Modificación Puntual nº 7 das NN.SS.MM. de Cambados, de condicións específicas de edificabilidade relativa ós equipamentos de cemiterios, foi aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, en sesión do 27/4.2001. Certifico. Cambados, 3 de setembro de 2001. O Secretario Accidental.*

**Resto condicións:** Dacordo coa normativa sectorial específica:

1. Decreto 134/1998, de 23 de Abril, de Policía Sanitaria Mortuoria, da Consellería de Sanidade.
2. Decreto 133/82 de 4 de noviembre , polo que se regulan as condicions dos cemiterios de Galicia.

Cambados, a 23 de abril de 2001.

O Arquitecto Municipal.

Antonio Espinosa Murias.

*DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento e planos forma parte da Modificación Puntual nº 7 das NN.SS.MM. de Cambados, foi **aprobado definitivamente** polo Pleno da Corporación, en sesión do 26.10.2001. Cambados, 30 de outubro de 2000, Certifico.*

*O Secretario Accidental.*